



## PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Mediante Resolución de data 31/07/2023 do Instituto para la Transición Justa, O.A., ao amparo da Orde TED/1476/2021, do 27 de decembro, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, publicada no «Boletín Oficial do Estado» número 312, do 29 de decembro de 2021, modificada pola Orde TED/442/2022, do 10 de maio, concedeuse unha subvención por importe de 1.484.830,92 euros, para o financiamento da execución da actuación: ITINERARIO DE MOVILIDAD ALTERNATIVA NA DP-5903 DE ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA, dos cales 19.360,00 euros corresponden a custos de redacción do proxecto técnico da actuación obxecto da axuda.

Polo Concello precísase contratar a elaboración de Proxecto Básico e de Execución, Estudos de Seguridade e Saúde, Estudo de Xestión de Residuos de Construción e Demolición, para a execución da actuación: ITINERARIO DE MOVILIDAD ALTERNATIVA NA DP-5903 DE ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA, P.K. 1+635 A P.K. 4+435 (MARXE ESQUERDA).

Estas obras teñen por obxecto a creación unha nova alternativa de mobilidade sostible dentro do municipio de Ordes aproveitando infraestruturas viarias existentes. A tal fin propónse un novo itinerario que permita aos habitantes unha mobilidade máis sostible e segura. Ascende o Orzamento Total das obras á cantidade dun MILLÓN CATROCIENTOS DOUS MIL TRESCIENTOS CORENTA EUROS con TREINTA E DOUS CÉNTIMOS //1.402.340,02.- €/€.

Procede iniciar expediente de contratación por procedemento aberto, por ser o procedemento máis axeitado para a consecución dá mellor oferta para a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN, ITINERARIO DE MOVILIDAD ALTERNATIVA NA DP-5903 DE ORDES A PORTOMOURO POR PONTECHONIA, P.K. 1+635 A P.K. 4+435 (MARXE ESQUERDA), CON CARGO AO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR), FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU, con multiplicidade de criterios de adjudicación vinculados ao obxecto do contrato, tramitación ordinaria (artigos 119, 131.2 e 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 - LCSP).

Deberase incorporar ao expediente:

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Certificado de existencia de crédito orzamentario.
- Informes do Secretario e do Interventor do Concello.

Ordes, na data da sinatura electrónica

**A ALCALDESA EN FUNCIONES**  
**Ana María Soneira Liñares**  
(Decreto delegación competencias 13/08/2024)  
(asinado dixitalmente)

**Perante min,**  
**O SECRETARIO**  
**Juan Luis González Iglesias**